

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 11 DE FEBREIRO DE 2016**

A C T A

Ás 16:00 horas do día indicado reúnen-se na sala común de e-meeting do máster os membros reseñados a continuación:

Asistentes (6):

Beatriz P. Comendador Rey, Álvaro Arizaga, Mercedes Solla Carracelas, Cristina Montojo Santos, Belén Riveiro e M^a Beatriz Vaquero Díaz.

Disculpan a súa asistencia (1):

Natalia Caparrini

Con voz pero sen voto (1):

Susana Reboreda.

ORDE DO DÍA:



1.- Informe da coordinadora.

Non hai temas sobre os que informar.

2.- Informe da coordinadora e valoración da CAM da reunión celebrada o mércores 3 de febreiro de 2016, entre os coordinadores de mestrados da Universidade de Vigo e a vicerrectora de profesorado e o coordinador da área de posgrao.

A coordinadora comenza o seu informe anunciando que o xefe de área de posgrao da UVigo aceptou a súa petición para reunirse co profesorado da Escola de Restauración e Conservación.

Continúa o seu informe destacando catro puntos:



1.- Novo decreto: nel establécese en 20 o número mínimo de alumnos por máster. No caso de que o mestrado non chegara aos 20 alumnos matriculados, ofertaríase igualmente nese curso e a CAM debería solicitar unha remodelación da titulación; unha vez acreditado, implantaríase de novo pero se nesa segunda oferta tampouco chega aos 20 estudantes, caería definitivamente.

2.- Acta dos TFMs pasará a ser individualizada, para que funcione como a última materia da titulación, co cal o alumnado terá que ter aprobadas todas as outras materias antes da defensa do TFM.

3.- Profesorado externo non universitario: non debe facer titorías, nin asinar actas, nin facer guías docentes. Esas tarefas debe asumilas un coordinador da UVigo. Tamén debe ser da UVigo a maior parte do profesorado.

a) A normativa da que deriva esta modificación é das figuras de profesorado LOU: corpos docentes, contratados e axudantes. A tempo parcial: asociados (mínimo 45 h. por cuadrimestre). Profesorado externo: invitado/conferenciante:



b) Rol do conferenciante na docencia dos mestrados online: non hai problema co tipo de docencia, porque poden impartir calquera tipo de docencia, tamén a non presencial e/ou maxistral.

c) Ante a pregunta da coordinadora sobre se o convenio inflúe na consideración do profesorado da ESCRBCG, tendo en conta que na memoria da titulación recóllese que para os pagos aos externos non se realiza contrato senón que se aboan como aos conferenciantes, a resposta foi que “o convenio en ningún caso convirte ao profesorado da escola en profesorado universitario”.

De feito as condicións cando se formalizou o mestrado eran as mesmas. O problema agora é que non se superaría a acreditación se a coordinación e avaliación non recae en profesorado universitario porque as materias aparecerían como non dadas na aplicación que se cubre para solicitala.

4.- Matrícula de formación continua. A intención da vicerreitoría é acabar con ela polos problemas que se producen á hora do cómputo de alumnado que fai a Xunta.

A coordinadora comenta que propuxo á vicerreitoría como solución para el POD del curso próximo, a inclusión dun profesor externo como coordinador e con alomenos 1 h en POD, a efectos da avaliación, tal e como pode verse na figura seguinte:





EXEMPLO POD 2015/16										
002-M143202-Tecnoloxías e Formas de Alteración de Materiais e Superficies										
Documento	Nome	Departamento	Coord.							
A01										
C. M143-(002M143P01) Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural		HT		HC	DF	GT				
52494468G	Santiago Cendán, Inmaculada	Externo	Si				0.00	6.00	6.00	0.0
E01										
C. M143-(002M143P01) Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural		HT		HC	DF	GT				
52494468G	Santiago Cendán, Inmaculada	Externo	Si				0.00	9.00	9.00	0.0
O01										
C. M143-(002M143P01) Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural		HT		HC	DF	GT				
52494468G	Santiago Cendán, Inmaculada	Externo	Si				0.00	9.00	9.00	0.0
								-	9.00	-
EXEMPLO POD PRÓXIMO ANO										
002-M143202-Tecnoloxías e Formas de Alteración de Materiais e Superficies										
Documento	Nome	Departamento	Coord.							
A01										
C. M143-(002M143P01) Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural		HT		HC	DF	GT				
52494468G	Santiago Cendán, Inmaculada	Externo	Non				0.00	6.00	6.00	0.0
E01										
C. M143-(002M143P01) Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural		HT		HC	DF	GT				
52494468G	Santiago Cendán, Inmaculada	Externo	Non				0.00	9.00	9.00	0.0
O01										
C. M143-(002M143P01) Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural		HT		HC	DF	GT				
52494468G	Santiago Cendán, Inmaculada	Externo	Non				0.00	8.00	8.00	0.0
XXXXXXX	XXXXXX Profesor Interno	Departamento X	Si				0.00	1.00	1.00	0.0
								-	9.00	-

A profesora Cristina Montojo pregunta se isto que implantan agora non debería terse aplicado xa antes.

O profesor Álvaro Arizaga dubida que a opción de incorporar un coordinador poida solucionar os problemas, porque sen ser coordinadores nin avaliar na teoría, terían que facer titorías, corrixir tarefas e avaliar na práctica.

Finalmente a coordinadora propón ter unha reunión co profesorado da ESCRBCG en Pontevedra para tratar o tema e intentar atopar unha solución.



3.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 02/12/2015.

Álvaro fai constar que aparece como que desculpa a súa asistencia pero que sí estaba na reunión anterior.

Unha vez corrixida a incidencia apróbase a acta por asentimento.

4.- Aprobación, se procede, das solicitudes de TFMs do curso 2015/2016.

Apróbanse por asentimento as seguintes solicitudes de TFM para o curso 2015/2016:

Paula SOLLA PAZOS: *Cementerio de Pereiró, Vigo. Documentación, estudio y propuesta de difusión.*

Titor: Julio Prada Rodríguez.

Diego GONZÁLEZ MONTERO: *El patrimonio documental del Concejo de Ourense: análisis, propuestas de estudio y puesta en valor.*

Titora: María López

Guillermo FONTOIRA: *Orígenes de la iglesia de Santa María de Adina.*

Titor: M^a Mercedes Solla Carracela

Cristina GABÍN CALAZA: (Modifica o proxecto que tiña anteriormente aprobado)

Técnicas cartográficas aplicadas a la obra de Antonio Palacios en Vigo y O Porriño.



Titor: Joaquín Martínez, Cotutor: Borja Conde.

Ante as dúbidas dalgúns estudantes sobre se tiñan que volver solicitar os TFMs que xa se lles aprobaran o curso pasado, dende a coordinación comunicóuselles que non era necesario que renovaran a petición.

A coordinadora informa sobre a oferta no Campus de Ourense dun curso online a realización dos TFM do que se informará.

ADDENDA Á ORDE DO DÍA: Unificación da web da titulación.

A proposta da coordinadora é unificar as dúas webs do mestrado.



A empresa DinAhosting enviou un correo para renovar o dominio e o aloxamento da páxina web comercial do mestrado (que caduca o 17/02) cun orzamento 223,29 €.

Para a valoración da web que debe realizarse no informe de seguimento é problemático ter dúas webs abertas, e ademais o mantemento da web leva boa parte do noso orzamento polo que é Bea quen fai o mantemento.

Aproveitando a renovación da web da Facultade, Arinfo presentou a proposta de renovación das do máster, fusionando as dúas anteriores nun novo produto, que manteña o dominio masterpatrimonio.com (14€/ano). O orzamento é axustado, porque se encarga tamén da web da Facultade e Historia, e porque o centro comprometeu o seu mantemento anual.

Apróbase por asentemento a unificación das dúas webs do mestrado.

5.- Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión.



Ourense, a 11 de febreiro de 2016

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

Asdo. M^a Beatriz Vaquero Díaz



DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 10/03/2016.

A Secretaria,

A handwritten signature in blue ink, which appears to read "Beatriz Vaquero".

M^a Beatriz Vaquero Díaz